

Por un consumo más sostenible

**EROSKI ESTENDE O SEU PROXECTO DE
RECICLAXE DE CÁPSULAS DE CAFÉ, PIONEIRO NA
GRAN DISTRIBUCIÓN EN ESPAÑA**

- A experiencia piloto desenvolvida dende o ano pasado en tendas do País Vasco, Navarra e Baleares permitiu recoller máis de dez toneladas de cápsulas de café
- A través desta iniciativa pódese recuperar o 100 % das materias primas da cápsula e do residuo do café potenciando a economía circular
- EROSKI, comprometida co consumo responsable, persegue facilitarlles aos seus clientes unha vía para minimizar o impacto ambiental asociado ao consumo de cápsulas de café

Elorrio, 3 de decembro do 2019.- [EROSKI](#) continúa a avanzar no seu compromiso de facilitar que o consumidor poida adoptar patróns de consumo máis sostibles e estende o seu proxecto pioneiro de recollida de cápsulas de café a toda a súa rede comercial. A implantación comezou de xeito progresivo en novembro e culminará a finais do verán do 2020. O ano pasado EROSKI puxo en marcha un proxecto piloto en tendas do País Vasco, Navarra e Baleares que o converteu na primeira cadea de alimentación en España en instalar colectores específicos propiamente identificados nos seus puntos de venda para que os clientes depositen as cápsulas de café para reciclas. A través desta primeira experiencia lévanse recollido xa máis de dez toneladas de cápsulas de café.

Estímase que coa extensión ás tendas da súa rede comercial se van recoller máis de 130 toneladas de residuos deste tipo ao ano. Amais de converterse na primeira insignia de alimentación en instalar estes puntos de recollida, EROSKI adiantase á normativa de comunidades autónomas como Navarra ou Baleares, que prohibirán a venda de cápsulas no 2020 e no 2021, respectivamente, salvo que sexan compostables ou doadamente reciclables mecánica ou organicamente.

"Existe unha crecente demanda de café en cápsulas monodose, o residuo xerado cada vez é maior e o número de puntos de recollida é reducido, xa que non se poden depositar no colector amarelo coma outros envases. Esta iniciativa vainos permitir recuperar o 100% das materias primas da cápsula e do residuo do café e vailles facilitar aos nosos clientes minimizar o impacto ambiental asociado ao seu consumo", explicou o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



EROSKI desenvolveu este proxecto de reciclaxe en estreita colaboración coa empresa PLS POOLING. Diseñouse un proceso de loxística inversa que contempla o envío das cápsulas recollidas en cada tenda ás plataformas de EROSKI, reducindo así o impacto do transporte na xestión do residuo. Despois, o xestor autorizado PLS POOLING retíraas para o seu tratamento e reciclado. O café convértese en fertilizante para substrato de cogomelos, fungos e outros compost, e o plástico e aluminio recíclanse e fúndense para xerar novos envases. Rematado o proceso, o PLS POOLING emite un certificado mensual da xestión das cápsulas retiradas e recicladas que inclúe un cálculo da súa pegada de carbono e das emisións evitadas grazas a el.

Potenciar a economía circular

EROSKI está fortemente comprometida co respecto ao medio natural e para iso desenvolve diversas iniciativas que teñen como obxectivo minimizar o impacto da súa actividade no contorno no que opera. O uso sostible dos recursos, a redución da pegada ambiental, a promoción da economía circular, a prevención do cambio climático, a defensa da biodiversidade... son imperativos ineludibles que EROSKI recolle nos seus [Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#) e nos que tamén se enmarca esta iniciativa de instalación de puntos de recollidas de cápsulas de café para a súa reciclaxe.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)